



CONVENIO DE ADHESIÓN REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS 2018 (2º SEMESTRE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* ten previsto formalizar co Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o **8 de setembro ata o 28 de decembro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

a realización do programa de actuacións nas datas de referencia, que se deberá desenvolver no Fórum Metropolitano e nas condicións especificadas no presente convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Unha das funcións da Agadic, segundo a súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é fomentar a difusión das artes escénicas a través dunha programación estable e coordinada nos teatros e auditorios mediante un programa de colaboración coas entidades titulares dos espazos escénicos integrados na Rede galega de Teatros e Auditorios.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alio á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

